

xosé otero  
canto  
nenias  
chairegas



2º PREMIO XXXVIII EDICIÓN CERTAME LITERARIO CONCELLO DE VILALBA



*Concello de Vilalba*

**alvarellos**  
EDITORA



NENIAS CHAIREGAS

*NENIAS CHAIREGAS de Xosé Otero Canto  
obtivo no ano 2012 o Segundo Premio da XXXVIII Edición do  
Certame Literario do Concello de Vilalba (Lugo).*

*O xurado estivo composto por José María García-Leira Boado (presi-  
dente), Darío Villanueva Prieto, José Carlos Rodríguez Andina, Fidel  
Fernán Vello e Xulio Xiz Ramil (secretario).*

XOSÉ OTERO CANTO

# NENIAS CHAIREGAS



**alvarelos**  
EDITORA

*Libros do Sarela*

© ALVARELLOS EDITORA, 2013  
Sempre en Galiza, 4  
15706 Santiago de Compostela  
correo@alvarellos.info  
www.alvarellos.info

© Xosé Otero Canto  
© Limiar: Xosé Manuel Carballo Ferreiro  
© Epígono: Alfonso Blanco Torrado

Deseño e maquetación: Xacobe Neto/Alvarellos Editora  
Impreso en Tórculo Artes Gráficas

Depósito Legal C 1217-2013  
ISBN 978-84-89323-48-3

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixíase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

*Para os meus pais e os meus avós:*

*Celso Otero Vigo*

*Elena Canto Darriba*

*Enrique Canto Sanjurjo*

*María Darriba Fernández*

*José Otero Díaz*

*Emilia Vigo Abelleira*





RENÉGOTE, FLOR DO MAL... LOITAREI CONTIGO  
AMOSÁNDOCHE O AMULETO DA LUZ

**A**ntes de poñerme a dicir algo deste libro, o primeiro que teño que proclamar é que o seu autor, Xosé Otero Canto, é amigo meu. Non o podo calar porque a súa amizade éncheme de fachenda. Vincúlannos ademais certos lazos de irmandade, porque, aínda que nos trouxeron ao mundo en parroquias distintas, a el en Santa María de Outeiro e a min en San Martiño de Goberno, os dous somos fillos do mesmo apracible Concello de Castro de Rei e netos da inconmensurable Terra Chá.

Se calquera amigo auténtico é un verdadeiro tesouro, como nos di a Biblia no libro do Eclesiástico, este tesouro é dun valor excepcional, pois sempre está dispoñible para prestar as axudas que se lle pidan e sempre ten a punto a palabra precisa para axudar a medrar na autoestima.

Os que o coñecen saben ben que non o estou sobrevalorando. En cambio el a min si que me sobrevalora ofrecéndome a posibilidade de que unhas liñas da miña basta prosa poidan respirar arrecendos de suaves e vivificantes fragancias, a carón da

súa sempre moi pulida e refinada poesía, medio agochadas neste recunchiño inicial dun seu novo libro.

Non souben negarme á súa petición, pero, antes de que o lector ou lectora cheguen a descubri-lo por si mesmos, quero adiantarme a aclarar que estas liñas iniciais, que naceron coa pretensión de seren unha especie de limiar, non deron medrado o suficiente para chegaren a estar á altura dos merecementos do autor, nin da calidade literaria e da profundidade de contidos destas *Nenias chairegas*.

Quen trate de entrar á casa que neste libro nos abre Xosé Otero, a veces para acoller pésames e a veces para revivir lutuosas lembranzas, utilizando como limiar só a soleira que eu lle poida amosar, atoparase cunha porta excesivamente angosta que non se corresponde en absoluto coa grandiosidade, acugulada de sentimentos, de cada unha das estancias que nos agardan páxina tras páxina.

Máis autorizados ca min para sinalar entradas e abrir portas a quen desexe adentrarse neste e outros libros de poemas de Otero Canto son os membros dos xurados que consideraron como merecentes de seren premiados os distintos e abondosos traballos presentados por el aos máis variados certames literarios.

Tamén gozan de meirande autoridade acreditados críticos literarios que teñen escrito prólogos, exordios ou limiares para outras publicacións deste poeta de tan refinado estilo. A eles remito a quen desexe aproximarse con garantías de autenticidade a un

autor de relativamente recente aparición en público, pero dunha xa moi acreditada madurez.

Eses eruditos deixaron ben patente a mestría de Xosé Otero na utilización da palabra, sementada en fértiles cortiñas pola inmensa roga de poetas chairegos, pero, ao mesmo tempo, sen verse constringido na súa riqueza expresiva polas lindes da Chaira, aínda que goce esta agra de tan amplos horizontes. Destácase a súa abondosa e sumamente coidada produción, froito dunha gran sensibilidade e dunha extraordinaria e meticulosa capacidade de traballo. Remárcase a súa habilidade para crear imaxes sorprendentes e para expresar a denuncia e a carraxe do fillo que sofre angustiado as inxustizas que feren no corazón mesmo á agoniante nai terra. Fálase dun estilo propio que sabe a río, a vento, a terra, ou a portas que se abren en murallas romanas para deixaren entrar e saír lembranzas seculares e líricos latexos de xeracións pretéritas e contemporáneas.

Outra das miñas preocupacións e dúbidas á hora de poñerme a expresar consideracións propias sobre os poemas recollidos neste libro é que nunca teño a certeza de se atinarei a ler verdadeiramente o que en realidade o seu autor quixo escribir, porque cada un escribe desde as súas propias experiencias, e quen le faino tamén desde as súas, que nunca son de todo coincidentes coas do autor.

E se isto acontece coa chamada linguaxe literal na que as palabras tenden a expresar o seu significado exacto, canto máis pode ocorrer coa linguaxe figu-

rada, a linguaxe poética por excelencia, na que a forma de expresar a mensaxe, buscando a elegancia, profundidade e beleza da expresión, resulta tan importante ou máis ca o contido da mensaxe mesma.

Con estas premisas calquera que estea lendo estas liñas entenderá que de ningunha maneira pretendo condicionar a ninguén na lectura deste libro ousando propoñer como infalibles as miñas persoais pautas de interpretación. Sería unha falla de respecto para o autor e para os lectores, ademais dunha temeridade pola miña parte, porque, aínda por riba, eu non son poeta e desde neno teño comprobado que os poetas ven o mundo con ollos moi diferentes dos que non o somos. Se cadra, ata ven mundos diferentes aos que vemos o común dos mortais. Xa que logo, relativizo todas as miñas opinións e confío en que quen se achegue a beber no manancial desde libro busque por si mesmo e sen intermediarios a auga limpa e incontaminada da fonte que nos ofrece o autor mesmo. Nesa confianza ouso aproximarme, co máximo respecto, á canle de incontables emocións que reverten do manancial e dicir en voz alta algo do que nesa canle podo percibir.

Aludín antes ao que Xulio Xiz escribiu referente a ese estilo propio de Otero Canto con sabor a terra, a río e a vento. Agora engade con estas *Nenias chairegas* que fenden a penumbra para abrírense á luz, outro sabor máis: o acedo sabor a morte, xa que o tema central e permanente deste libro é ese enloitado personaxe que con man invisible aperta a un mesmo tempo os corazóns dos que vén buscar ata

obrigalos a deixaren de latir, e fere os dos que quedamos magoados e maltreitos por desapiadadas navalladas que, aínda que cheguen a curar, deixan para sempre doridos costuróns.

A morte quizabes sexa esa compañeira de camiño que esperta nos humanos os máis abundantes sentimentos e os máis dispares pensamentos: preocupación, medo, tristura, traxedia, confusión, choro, esgazaduras, impotencia, carraxe, soidade, silencio, desgarró, culpabilidade, alivio, baleiro, loito, negrura, pésame, laios, lembranzas afervoadas, liberación, acougo, adeus, esperanza, plenitude, eternidade, alén luminoso... Otero Canto vai esbagullando todas esas conmocións ao longo de *Nenias chairegas* nunha constante e permanente fraga de simbolismos atravesada por unha especie de singular e medorenta santa compañía.

Tampouco esquece ningún dos usos e costumes, cerimoniais e ritos, relixiosos ou non, que rodean a morte e a acompañan, ou a acompañaban cando irrompía sen pedir permiso nas nosas casas e non consentía ser disfrazada con falsos aromas nin con cores artificiais.

Non deixa ningún sentido do corpo de quen se vai nin de quen queda orfo ao que non faga referencia, nin tampouco ningunha das nosas tradicións, por ancestrais que sexan que non se traia ao presente. E todo iso expresado nunha harmoniosa e sublime conxunción de linguaxes, moi realistas unhas veces e absolutamente figurativas outras.

Coma en toda a súa obra, atopámonos coa recuperación ou revitalización de infinidade de palabras

noutrora pletóricas de vitalidade que tamén van esmorecendo e morrendo, pero que perduran moi vivas na abraiante riqueza do seu vocabulario. E ao mesmo tempo sorpréndenos con palabras novas. Con palabras acabadas de nacer por obra e graza dun poeta ao que se lle fan insuficientes os vocábulos recollidos nos dicionarios oficiais, e vese na necesidade de crear novas voces para expresar as ideas que abrollan a cotío do seu maxín en constante actividade, e emotividades que esnaquizan viortos que as queren esganar.

Pola miña condición de crego rural tócame moitas veces dicir unha palabra de consolo a persoas que están perdendo ou acaban de perder a alguén querido. Nestas circunstancias case nunca me atrevo a dicir redondamente: “Compréndote”, porque ben sei que ninguén é capaz de facer súas en toda a súa profundidade as vivencias dos demais. Só ousou dicir timidamente: “Creo que te comprendo algo e acompáñote no sentimento”.

Pois, despois de pasar varias horas a carón deste libro e tendo comigo nel ao seu autor, tampouco me atrevo a dicirlle: “Compréndote, Xosé”. Só ousou dicirlle: “Creo que me aproximo un chisquiño á comprensión da dor que zumega cada poema e acompáñote no sentimento”.

Acompáño no sentimento porque sospeito que en cada estrofa Pepe foi vertendo moita dor e máis dunha bágoa, e porque a lectura de cada un deses poemas tamén a min me doe e me manca, aínda que

por veces esa dor sexa moi difusa e non saiba eu definila con toda precisión.

Sospeito que tamén a dor de Otero Canto plasma-da nestas *Nenias chairegas* é unha dor difusa, pero non por iso menos intensa. Esa é outra das razóns polas que só me atrevo a dicir que me achego un chisquiño á súa comprensión. Mentres escribía quizabes se debatía entre temores fuxidías da súa propia morte. Quizabes se volvía a abrir a ferida producida pola perda dos pais, dos avós e doutros seres queridos. Quizabes coa lembranza dos pais agromaba a vivencia de canto deles recibira xuntamente coa vida para ir configurando a súa identidade. Quizabes estaba moi presente a morte, ou cando menos a agoría da contorna, de moitos deses nosos elementos identitarios como poden ser: unha terra, unha cultura, unha fala, e mesmo unha fe. Quizabes...

Se sospeito todos estes “Quizabes” é, non só polo que podo presentir na lectura destes textos, senón tamén polo que creo coñecer ao seu autor e porque dalgún xeito poderíase dicir que a morte, ou as mortes que aquí se reflicten, son mortes anunciadas por estertores agónicos dos que xa el nos advertía en *Salaios da Chaira*, en *Miño, río pai e amigo* e noutros escritos seus.

Fixen antes referencia á miña condición de crego. Teño que confesar que, debido a esa condición e á percepción da morte desde a dimensión de crente, non puiden reler este libro sen tratar de pescudar a ver se atopaba nel indicios de esperanza nun máis alá de nova vida.

Xosé Otero Canto non pretendeu escribir un tratado de escatoloxía. El céntrase fundamentalmente nos aspectos máis dramáticos, sensibles e visibles da morte; pero atrevome a intuír que por entre a negrura e a impotencia tamén se albiscan sinais de esperanza nun reencontro con aqueles aos que a morte esgazou das nosas vidas puxando por arrastralos ao esquecemento sen dalo conseguido, porque seguen moi vivos nas nosas lembranzas preñadas de afectos agarimosos e en todo o ben que sementaron. Este libro non se pecha na escuridade ou na *“volta á infinda chaira do gran silencio”*, senón que permanece entreaberto á luz, á eternidade, a ás de anxos, a reencontros en nubes luminosas, ou en retornos das ánimas aos lares.

Entendo que a traxedia e o dramatismo da morte descritos por Otero Canto como vividos desde dentro dela mesma, non deixa de ser unha angustiada chamada á vida. Chámasenos a loitar pola defensa do bo que aínda temos e somos, por máis que nos pareza que esmorece, e a collernos das mans para, estreitamente unidos, reavivar co calor de todos algo do que, se cadra, nos parece que xa está morto pero non o está aínda irremisiblemente.

O amigo Xosé Otero é un vitalista loitador que arrenega da morte e está a favor da vida plena e dun amplo mañá mellor. ¿Non poderá ser ese mañá mellor o inicio dun mundo novo e dunha resurrección que xa comezou?

XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO



I

**ESPÍRITO DA FATALIDADE**



RENÉGOTE, flor do mal,  
repugnante e noxento espírito da fatalidade  
que te renovas na tripa dos séculos onde nacen as tebras.  
Vaite, inmundicia inmorredoira que tan só buscas fracaso,  
mais loitarei contigo amosándoches o amuleto da luz,  
e cegarás cando a figa se funda no teu ventre,  
rabeno vixiante dos meus soños.  
Tropezarás no pensamento pervagante  
e embelecaraste no sentimento inmortal.

Déixame, impureza vizosa das desgrazas,  
sedimento ruín do alén,  
aínda non chegou a inmolación dos corpos  
nin a ofrenda do mundo.  
Desgarrarei as forzas da maldade encuberta  
e rasparei os bustos da túa cara na moeda do mal.

Abandóname, perdición do averno,  
inmortal mágoa, epidemia do sufrimento,  
perversa ruindade serodia, malicia do ser,  
porcallenta figura do pesar.

VAITE DE MIN, día perverso de amoucados ánimos  
que afitas escaveiradas mortes na peneira dos segundos.  
Mortalla acalada nos silencios de plumas  
co frontispicio das chagas carenadas de sangue.  
Preamar da dor  
que escoita a sinfonía das desgrazas no caderno de bitácora dos días.  
Rompente que tradea coas uñas longas do infortunio.  
Vaite de min e escoa a túa cega perversidade  
no foxo corrosivo da desgraza  
para que a terra dos séculos tape o abominable  
e poida entregarme baixo a cega lona do azul  
ao sono prometido.